



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Listaxe definitiva de admitidos/as, excluídos/as, designación de tribunal, data, hora e lugar do 1.º exercicio praza técnico/a de xestión económica

ANUNCIO

Aprobación listaxe definitiva admitidos/as, excluídos/as praza técnico/a de xestión económica, designación de tribunal e data, hora e lugar da realización do primeiro exercicio

Por Resolución da Alcaldía núm. 262/21, de data de hoxe, ditouse o seguinte:

“Vista a convocatoria para a provisión dunha praza de técnico/a de xestión económica como funcionario/a de carreira na escala de administración xeral, incluída na Oferta de emprego público do Concello de Vedra para 2021, cuxo proceso de selección se rexerá polas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 144/2021, do 11 de marzo, publicadas con data 18 de marzo de 2021 no BOP núm. 52/21 e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e da sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>).

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 219/21, de data 28 de abril, se aprobou a listaxe provisional de admitidos/as, excluídos/as das probas de selección, publicándose a mesma no BOP núm. 81/21, do 3 de maio, e no taboleiro de anuncios da casa do concello e da sede electrónica, fixando un prazo de dez días hábiles dende o día seguinte ao da súa publicación, para presentar reclamacións ou emendas.

Visto o certificado de Secretaría co resultado da información pública, e segundo o disposto no punto 4.4 das citadas bases e en función das competencias que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e demais de aplicación para o efecto.

RESOLVO:

PRIMEIRO.–Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ás probas selectivas para o acceso en propiedade á citada praza, que se recolle no Anexo I desta resolución.

A inclusión das persoas aspirantes na listaxe definitiva de admitidos/as non supón o recoñecemento por parte desta Administración de que estas reúnen os requisitos esixidos para o nomeamento como funcionario/a de carreira, que se deberán acreditar no seu momento.

SEGUNDO.–Designar como membros do Tribunal ás seguintes persoas:

Presidente titular: D. Carlos J. Méndez-Losada Abalo (funcionario habilitado nacional)

Presidenta suplente : D.ª Ana Beatriz Oveja Villafañe (funcionaria habilitada nacional)

Vogais titulares: D. José Antonio Gómez Pedreira (funcionario habilitado nacional)

D.ª Ana Beatriz Oveja Villafañe (funcionaria habilitada nacional)

D. Dalmiro Núñez Méndez (funcionario habilitado nacional)

Vogal-secretaria: D.ª Angela María Viqueira Allo (funcionaria habilitada nacional)

Vogais suplentes: D.ª María de la Cruz Vilas Giadanes (técnica); D.ª Ana María Aldrey Pereira (técnica) e don José Ramón Chas Bao (licenciado en filoloxía hispánica: galego-portugués)

Persoal colaborador auxiliar: D.ª Mercedes Pereiras Caldelas (xefa Negociado de Secretaría) e dona María de la Cruz Vilas Giadanes (técnica de Emprego)

Asesor: José Ramón Chas Bao

TERCEIRO.–Convocar aos/ás aspirantes admitidos/as, en chamamento único, para a realización do primeiro exercicio do proceso selectivo o mércores 9 de xuño de 2021, ás 11.30 na Biblioteca Municipal de Vedra, sita na Avenida do Mestre Manuel Gómez Lorenzo, n.º 15 - Santa Baia de Vedra, deste termo municipal, debendo portar os aspirantes a súa documentación identificativa.

De acordo co disposto na base sétima, as persoas aspirantes que non se poidan presentar ao exame por estar diagnosticadas da COVID19 ou en confinamento obrigatorio por contacto directo, en cumprimento do principio de igualdade nos procesos selectivos, realizaráselles unha segunda convocatoria, nunha data que non altere o desenvolvemento normal do proceso. En tal caso a persoa afectada deberá comunicarlle ao tribunal, a través do correo electrónico correo@concellodevedra.com dita circunstancia, que deberá estar acreditada con informe facultativo correspondente.

Medidas preventivas de seguridade de obrigado cumprimento na data de celebración do primeiro exercicio, as seguintes, sen prexuízo das demais aplicables en función da normativa vixente nese momento:

*Os/as aspirantes convocados/as deberán acudir ao chamamento, na explanada da Biblioteca municipal sen acompañantes, agás casos de forza maior e necesidade acreditada.

*O chamamento producirase na explanada exterior, debendo os/as aspirantes gardar entre eles a distancia de seguridade ata o momento do chamamento para entrar no recinto do exame.

*Os/as aspirantes deberán vir provistos obrigatoriamente de máscara cirúrxica ou equivalente (ffp2 homologada). No control de acceso, os membros do tribunal quedan habilitados para solicitar a substitución dunha máscara cirúrxica, facilitando unha municipal. A negativa ao uso da máscara ou de substitución das mesma pola máscara cirúrxica facilitada, significará a imposibilidade de acceder ao recinto de exame, resultando directamente como "Non presentado/a".

*Os/as aspirantes deberán vir provistos do seu propio bolígrafo azul e demais material de escritura que consideren necesario.

*Os/as aspirantes deberán facer uso obrigatorio do xel hidroalcohólico posto a disposición á entrada e á saída do exame.

CUARTO.–Publicar no BOP, na Sede Electrónica e no taboleiro o presente acordo.

Vedra, 20 de maio de 2021.

O alcalde

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo

ANEXO I

Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de técnico/a de xestión económica

Admitidos/as:

| | APellidos e Nome | DNI |
|----|-----------------------------------|---------|
| 1 | BERMÚDEZ GONZÁLEZ, PILAR | ***554T |
| 2 | CARPINTEIRO LÓPEZ, RAQUEL | ***119X |
| 3 | DEVESA CASTRO, BELÉN | ***475X |
| 4 | FAJARDO DE ANDRADE VÁZQUEZ, MARÍA | ***647R |
| 5 | FERNÁNDEZ ABALO, JOSÉ MARÍA | ***711C |
| 6 | FERNÁNDEZ ARMADA, FRANCISCO | ***316B |
| 7 | FERNÁNDEZ COPA, JOSÉ ALBERTO | ***918L |
| 8 | FRAGA RAMILO, EDUARDO | ***459Y |
| 9 | GARABAL NIEVES, ANA | ***553G |
| 10 | GARCÍA AGRELO, ROSA ISABEL | ***630V |
| 11 | GARCÍA SUÁREZ, DÉBORAH | ***894C |
| 12 | GARRIDO MONTENEGRO, NEREA | ***413H |
| 13 | GONZÁLEZ PAZOS, PAULA | ***173H |
| 14 | GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, YOLANDA | ***879G |
| 15 | LORENZO PAZOS, BERTA | ***824F |
| 16 | MEDA HERBOJO, LUCAS | ***672F |
| 17 | OLVEIRA ARCOS, MARÍA | ***697G |
| 18 | RODRÍGUEZ ESPÍN, MARCOS | ***949E |
| 19 | ROMERO RAÑO, CLARA | ***633A |
| 20 | REBOREDO FRAGA, VANESSA | ***401N |

Excluídos/as: NINGÚEN.